



Unidade Pastoral de Os Cotos

Non a busquedes no mapa, non estamos en ningún.

Si podedes topar o nome das dez parroquias que a compoñen en 17 núcleos de poboación:



Santa María de Estacas (no 2011 eran 160 habitantes)
San Adrián de Calvos (380)



San Lourenzo de Fornelos (650)
San Martiño de Verducido (230)



San Xosé d'a Laxe (100)
San Miguel de Ventín (230)



San Paio de Moscoso (460)
Santa María de Traspuelas (310)



O Salvador de Xunqueiras (130)
San Vicente de Oitavén (180)

Total unhas 2800 persoas censadas no 2011, pero cunha poboación real que cremos non pasa de 2000. Unha poboación que varía entre semana, no fin de semana, e nos días do verán.



Non dicimos os nomes porque si;

sabede que entre elas hai **parroquias** máis **grandes** en poboación e recursos e **outras máis humildes**,

así é que cando **no 2004 empezamos** a falar de formar unha gran parroquia unindo todas elas a primeira reacción foi entre **medo e desconfianza**:



perder a identidade da parroquia no mundo rural, as máis grandes comeríanse as pequenas, ... si, ao principio **houbo medo e mirábanse de reollo** as distintas parroquias e mirábase de reollo aos párrocos



Pouco a pouco, as veces **moi pouco a pouco**, fóronse debullando os sinais de identidade desta gran parroquia.

Un estilo de ser igrexa

que soaba máis que un pouco a novidade:

1

FACÉMONOS CRIBLES EN OS COTOS ACOLLENDO E COIDANDO



CONSTRUÍR COMUNIDADE, ser igrexa, foi o centro de todo o que facer: participamos en tarefas e reflexións, formamos grupos (durante os 6 primeiros anos, 100 persoas nos **reunimos en pequenos grupos cada semana** para reflexionar).

Unha vez ao ano tivemos **assembleas nas parroquias** para revisar o feito e plantexar novos retos.

Unha vez ao ano tivemos unha **assemblea conxunta**, cambiando cada vez a parroquia que acolle a todos.

Unha ocasión de traballo e merenda compartida.



Permitide ao suliñar este estilo que sinalemos como importante **a implicación das mulleres**:

- * no traballo parroquial,
- * na reflexión
- * e na capacidade de decisión nos grupos ou nos consellos parroquiais que se formaron.



Este construír igrexa tradúcese en que **compartimos recursos materiais**: formamos un **fondo común** para os gastos... nun estilo de **gratuidade** que alonxou de nós unha imaxe de igrexa apegada aos bens, para sermos unha comunidade na que compartir é o camiño. **As parroquias aportan 9.500 euros** anuais cos que cubrimos os gastos das actividades comúns (unhas parroquias aportan 25 euros ao mes, outras 50 e outras 150)



Un construír comunidade no que **non se diluiu a identidade como parroquia** senón que nos fixo ver e sentir que xuntos construímos a igrexa; e ata **somos máis diocesanos**.

O día **24 de Nadal do 2013**, despois de nove anos de experiencia, e pola insistencia dos copárrocos, a Diocese elaborou o **Decreto de creación da Unidade Pastoral de Os Cotos** (porque non é capricho duns curas, é un desexo diocesán).



Foi, está sendo, un construír comunidade que obra como fermento nunhas parroquias de rural nas que **as dificultades veñen dadas** polo cada vez maior despoboamento, polas menos frecuentes ocasións de encontro, e por un forte envellecemento da xente.

Co esforzo de todos na Unidade Pastoral experimentamos que **o noso ser igrexa enfortece mesmo á propia sociedade.**

2



Un estilo marcado tamén, non podía ser de outra maneira, polo **ANUNCIO DO EVANXEO**; formación de grupos de **catequese de nenos, mozos e adultos**, que estaba imposibilitado pola fragmentación dunha pastoral que tiña fronteiras en cada parroquia.

No ano 2011 traballamos cun grupo de case corenta **adultos que decidiron confirmarse** (todos con máis de 20 anos e algún con máis de corenta).



Poñemos un exemplo: na parroquia de A Laxe ou de Estacas non había grupos de catequese, pola sinxela razón de que non había apenas un grupo de nenos e nenas en toda a parroquia; agora **os cativos están en grupos con outros de outras parroquias** e teñen unha atención máis axeitada.

Hoxe temos **catequese semanal** en tres días diferentes e en tres parroquias para facilitar a participación de todos.



Nesa dimensión de anuncio permite que destaquemos o traballo levado a cabo **no proceso sinodal**: quixo a providencia que nacésemos como Unidade Pastoral co anuncio do Sínodo.

Certo que non chegamos a tempo para ir ao ritmo diocesano, pero serviunos pra reunirmos semanalmente e, **case sen querer, fomos tratando e traballando os temas fundamentais do que hoxe está sendo a Unidade Pastoral de Os Cotos.**

3



Nos sinais de identidade da Unidade Pastoral non falta tampouco o **SERVIZO DA CARIDADE**; hoxe contamos cun **grupo de Cáritas** na Unidade Pastoral que sería imposible de formar se nos limitaran as fronteiras das parroquias clásicas; cun voluntariado que se goza de ir no nome da igrexa e de Os Cotos no servizo de acollida, nas visitas aos doentes e maiores, que no mundo rural senten máis a falta de recursos. Coas voluntarias de Cáritas imos **en Nadal e en Pascua a visitar a todas as persoas maiores** que o desexen, só nolo teñen que facer saber (unhas corenta familias foron visitadas na pasada Pascua)

4

CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)
6-7 de febreiro do 2021
V DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARGINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



A CELEBRACIÓN DA FE é o cuarto pear onde se sustenta a Unidade Pastoral;

nun contexto onde ter 16 templos e só dous presbíteros fai imposible a **celebración do domingo** coa Eucaristía. Rotamos as celebracións da eucaristía dominical, e onde non hai misa a parroquia reúne e teñen a **Celebración da Palabra**. Somos os párrocos os que preparamos a celebración, e en cada parroquia hai unha ou un grupo de **persoas da propia parroquia** para dirixir a celebración. **As parroquias son quen de reunirse sen os curas para celebrar a fe en outras ocasións (novenas, rosarios, ...)**



Compre valorar que tamén paras as celebracións non só compartimos ritmos semellantes nas distintas comunidades, senón que fomos quen de ter **celebracións conxuntas**, por exemplo a **Vixilia Pascual** (unhas 500 persoas) que nos congrega nos últimos anos no pavillón municipal (60 leigos participan activamente na celebración).

O día 15 de agosto temos a **fiesta de Os Cotos** e reunímonos as 10 parroquias para a eucaristía, xantar xuntos, e pasar unha xornada de troula (novos e maiores en familia).

Serviu a Unidade Pastoral para ter **criterios comúns para a recepción dos sacramentos ou para o desenvolvemento de romarías e festas**.

5



Posibilitou a Unidade Pastoral **poñer en común habilidades** condenadas a esmorecer por non poder desenvolverse nunha pequena parroquia.

Fomos quen, entre todos, de sacar adiante:

unha **folla parroquial mensual** na que colaboran tres leigos e que se reparte en 550 familias.

Un **concerto de Nadal** na Igrexa a cargo da banda de Gaitas do concello de Fornelos de Montes.

Unha **postal de Nadal** que se reparte nunhas 600 casas. Unha **páxina web** atendida por dous veciños.

Todo nos axuda na nosa identidade cultural e rural vencendo prexuízos fronte á igrexa.

Unidade
Pastoral
de Os Cotos

www.osccotos.eu

oscotos2013@gmail.com

Ser unha parroquia de parroquias, unha Unidade Pastoral, serviunos para descubrir a riqueza de recursos, de vocacións e de posibilidades que se nos abren e que non teriamos se cada parroquia quixera “ir pola súa conta”. Serviunos para sentir o orgullo de ser igrexa. Somos a Unidade Pastoral de Os Cotos, non a busquedes en ningún mapa, **como a igrexa mesma, estamos aínda en construción**.